

O concello de Celanova está situado ao sureste de Galicia na provincia de Ourense. Pertencente á comarca de Terras de Celanova, atópase nunha área de transición entre as terras da Baixa Limia e Ourense . Limita ao norte cos municipios de Ramirás, a Merca e Cartelle e ao sur con Vereá e Quintela de Leirado. O concello atópase a uns 25 quilómetros de Ourense (capital de provincia) e a uns 90 de Vigo, as dúas cidades importantes máis achegadas.

Sobre unha extensión relativamente importante de superficie de 67,3 km² configúrase un territorio cunha altitude máxima de 1.140m. e unha mínima de 558m. Posúe un clima húmido, anque non demasiado chuvioso, de temperaturas suaves e agradables no verán e baixas en inverno.

A forma de acceder é a seguinte:

En coche

Desde Ourense pódese ir pola autovía **A-52** en sentido a Madrid desviándose no Punto Quilométrico 217 para enlazar coa **AG-31** ata Celanova ou usar a estrada **OU-540**, que vai de Ourense a Portugal, e que ten como lugar importante de paso Celanova

Para achegarse desde Vigo, o máis axeitado é facelo a través da Autovía das Rías Baixas **A-52**, e logo á altura da Cañiza coller a saída dirección Cortegada para tomar as estradas **PO-400** e **OU-133**, para por último coller a estrada **OU-531** que conecta directamente con Celanova.

Se queremos acceder dende Xinzo de Limia, accedendo dende a a Autovía das Rías Baixas **A-52**, deberemos coller a estrada **OU-531** dirección Cortegada.

Para os usuarios de GPS: nalgunhas cartografías pode que non apareza Celanova como destino as coordenadas xeográficas máis axeitadas son as seguintes: 42º 9' 7,34" N; 7º 57' 29,08" W

En autobús

A compañía [ANPIAN](#) ofrece un servizo regular de autobuses que conectan Ourense e Celanova. Pódese obter máis información no teléfono 981 225 288.